
ACTA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA do COEQGA 27/12/2008

Ás 18:04h no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñería da Universidade de Santiago de Compostela, en segunda convocatoria e coa asistencia (física ou baixo representación firmada a tal efecto) dos socios membros que se relacionan no Anexo 1 declárase aberta a Asemblea Xeral Ordinaria (AXO) do Colexio Oficial de Enxeñeiros Químicos de Galicia (COEQGa).

Preside a AXO a Presidenta do COEQGa a Dra. Almudena Hospido Quintana, e actúa como secretario o Secretario do COEQGa Dr. Jorge Rodríguez Rodríguez.

A Asemblea fora convocada mediante comunicación postal e correo electrónico, coa seguinte orde do día:

1. *Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea Xeral Constituínte*
2. *Modificación da Xunta de Goberno do COEQGa*
3. *Presentación e aceptación se procede da proposta de transferencias da Asociación Galega de Enxeñeiros Químicos ó COEQGa.*
4. *Informes da presidenta incluíndo entre outros temas:*
 - i) *Presentación da imaxe corporativa do COEQGa.*
 - ii) *Creación dun Comité Técnico Asesor do COEQGa.*
 - iii) *Estimación do orzamento anual do COEQGa.*
5. *Proposta e aprobación se procede do sistema de cuotas dos Colexiados.*
6. *Proposta e discusión do proceso para a posta en marcha do servizo de visado de proxectos no COEQGa.*
7. *Turno aberto.*

Como primeiro punto da orde do día procédese a aprobación por asentimento das actas da Asemblea Xeral Constituínte do COEQGa celebrada no mes de xuño de 2008, sen necesidade de proceder á súa lectura ó non ser requirido por ningún dos asistentes dado que estas actas foran postas a disposición de tódolos colexiados vía web.

A Presidenta comunica modificacións na Xunta de Goberno (XG) do COEQGa nos seguintes termos: Incorpórase D. José Gómez Vázquez como Vogal e noméase a Dna. María Francisco Casal como Vicetesoureira.

Apróbase por asentimento a proposta de transferencias e doazóns presentada pola Asociación Galega de Enxeñeiros Químicos (AGaEQ) que será concretamente detallada nun documento convenio marco que se presentará a aprobación na seguinte AXO do COEQGa.

A Presidenta informa sobre a Asemblea Xeral Constituínte previa así como da aprobación e publicación no DOGA dos estatutos do COEQGa. A Presidenta informa tamén acerca dunha recente pregunta parlamentaria no Senado prantexada polo grupo popular sobre a regulación e atribucións profesionais dos Enxeñeiros Químicos (EQs), asemade informa de xestións nesta liña levadas a cabo pola Confederación de Decanos y Directores de Escuelas de Ingeniería Química (CODDIQ) en forma de alegacións presentadas ó Ministerio de Ciencia e Innovación coa fin de equiparar as atribucións dos EQs. Indícase tamén que ó parecer dende a Secretaría de Estado de Universidades existe unha vontade de pronta resolución da situación dos EQs e Enxeñeiros Informáticos.

O Secretario do COEQGa intervéñ presentando a paxina temporal existente do COEQGa en www.coeqga.es e explica que se está en proceso de elaboración dunha nova web máis axustada ás

necesidades do Colexio. D. Enrique Toronjo presenta o díptico que o COEQGa está a elaborar para enviar a distintas organizacións coa fin de dar a coñecer ós titulados EQs.

A Presidenta explica que se está a crear un Comité Técnico de Asesoramento (CTA) para o COEQGa que sexa capaz de ofrecer asistencia en aspectos técnicos ós colexiados. Invítase a participar no CTA a unha lista de profesionais colexiados que a XG esta a elaborar.

O Vicepresidente do COEQGa presenta unha estimación detallada de orzamentos do COEQGa para o ano 2009 barallando tres escenarios posibles de ingresos e gastos.

A continuación débátese durante varios minutos de forma moi constructiva e con participación de moitos dos asistentes acerca do sistema de cuotas de colexiado a aprobar para o ano 2009.

Acordouse propoñer provisionalmente unha única cuota base, o importe da cal foi fixado por votación entre dúas propostas (65€ e 120 € anuais). O resultado da votación foi de once (11) votos a favor da cuota de 65€ e dous (2) votos a favor da cuota de 120€.

Aprobouse por tanto unha cuota anual de colexiado base de 65€ para 2009 quedando aberta a modificacións en seguintes asembleas.

Aprobáronse tamén por asentimento o seguintes puntos

- Un desconto para desempregados que deixa a súa cuota anual en 50€
- Cuota de pago único de 20€ para precolexiados.

Respecto a cuota de alta como colexiado produciuse unha votación entre dúas propostas; 200€ ou o valor de dúas anualidades completas da cuota base. O resultado da votación foi de doce (12) votos a favor da segunda e un (1) a favor da primeira, quedando aprobada por tanto unha cuota de alta de dúas anualidades completas da cuota base, é dicir 130€ para 2009.

Aprobouse por asentimento un prazo de 6 meses para colexiarse tras obter o título de EQ no cal non se pagaría cuota de alta. Asimesmo apróbase por asentimento que os actuais socios de AGaEQ a 31 de Decembro de 2009 pasan a ser Colexiados do COEQGa se non indicaron o contrario e sen cuota de alta algunha.

Apróbase tamén aceptar o ofrecemento da AGaEQ de cobrar a cuota anual do COEQGa no seu nome en xaneiro de 2009 dado que se espera que leve tempo obter todas as autorizacións bancarias de domiciliación en nome do COEQGa. Aprobouse tamén que soamente se poderá pagara cuota anual do COEQGa por domiciliación bancaria.

D. Martín Chao presenta un informe moi detallado dos diferentes sistemas de visados e certificacións profesionais existentes en outros colexios profesionais e informa da existencia dunha comisión da XG que esta a traballar especificamente neste tema.

Deste xeito sen intervencións adicionais no turno aberto e tras abordar todos os puntos da orde do día levántase a sesión as 19.36 h.

O Secretario:



Jorge Rodríguez Rodríguez



Censados COEQGa asistentes a la Asamblea de 27/12/2008

	Nº Socio/Censado	Nombre y Apellidos
1	1	Antonio Cuevas Iglesias
2	2	Almudena Hospido Quintana
3	18	Marta Carballa Arcos
4	19	Elena Susana García Sandá
5	22	Héctor Rodríguez Martínez
6	24	Jorge Rodríguez Rodríguez
7	29	María Botana Rocamonde
8	36	Martín Chao Iglesias
9	45	Iván Seijo Maroño
10	46	Noela Vallejo Senra
11	127	Enrique Toronjo Río
12	154	María Francisco Casal
13	173	Antonio Magán Iglesias
14	177	Ángel Rodríguez López
15	184	Patricia Simal Campos
16	191	Antía Pérez González

COEQGa